

ACORDO DE AMPLIACIÓN DE PRAZO PARA A INSCRIPCIÓN PARA PARTICIPAR NA POXA PÚBLICA DE ANIMAIS DE RAZA RUBIA GALEGA PERTENCENTES Á AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA

Por resolución do 23 de xuño de 2026 pola que se fai pública a convocatoria mediante procedemento aberto para o alleamento, mediante poxa pública de corenta e catro animais vacúns de raza rubia galega pertencentes á Axencia Galega da Calidade Alimentaria (DOG Núm. 123, de 3 de xullo de 2026) convocouse a devandita poxa segundo o prego de condicións técnicas e demais normativa vixente aplicable para o día 10 de xullo de 2026 ás 11:30 horas no salón de actos do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.

No prego de condición técnicas se explicitou o prazo para envío de solicitudes de participación xunto coa documentación antes das 14:00 horas do día 07 de xullo de 2026 a través do Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia a través do procedemento PR004A, dirixido ao Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, da Axencia Galega da Calidade Alimentaria a través da sede electrónica.

En atención ao interese de carácter público para a posta a disposición de calquera explotación galega de produción de carne de animais vacúns da raza Rubia Galega da Axencia Galega de Calidade Alimentaria e o gran número de consultas e mostras de interese suscitado para a participación nesta poxa, e que con esta decisión non se afecta a terceiras partes senon que se facilita o acceso a posibilidade de participación na poxa ao maior número de posibles interesados

ACORDO

Ampliar o prazo para a presentación de solicitudes de participación ata as 13:00 horas do xoves día 09 de xullo de 2026. As solicitudes e documentación presentaranse a través do Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia, mediante o procedemento PR004A, dirixido ao Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo da Axencia Galega da Calidade Alimentaria a través da sede electrónica (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>) ou presencialmente no propio rexistro do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.

Non se verán alteradas o resto de condicións establecidas, nin o día, hora ou lugar fixados para a citada poxa pública.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria
Martín Alemparte Vidal

